

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Expte. Deputación: 2018059055.	Expte. Subv.: 1110/2018	Expte. Contratación: 4497/2020	
Tipo de contrato: OBRAS.			
Obxecto do contrato: PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA.			
Procedemento de contratación: Aberto simplificado.			
Tramitación: Ordinaria.			
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas. 45232410-9 Obras de saneamento. 45232130-2 Traballos de construción de canalizacións de augas pluviais. 34928400-2 Mobiliario urbano.			
Prezo estimado: 127.323,93 €		IVE: 26.738,02 €	
Orzamento base de licitación: 154.061,95 €			
Duración: 3 MESES			
Aplicación orzamentaria	Proxecto de Gasto	Retención crédito Operación nº	Importe retido
2021.1532.61909	2020/0018	2021/EP/000610	154.061,95 €.

Resultando que, no *expediente de solitude de subvención 1110/2018* consta o proxecto redactado, polo arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias, para levar a cabo as obras de “**PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA**” e, tal e como se desprende do proxecto, o orzamento base de licitación ascende a:

Presuposto de execución material	106.994,90
13% Gastos xerais.	13.909,34
6% Beneficio Industrial.	6.419,69
Orzamento estimado	127.323,93
21% IVE	26.738,02
Orzamento base de licitación.	154.061,95

Resultando que, no *expediente de subvención 1110/2018* consta o Decreto da Alcaldía nº 2020-1102, do 15/09/2020, no que se acordou o seguinte: “...**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación ao proxecto das obras de “**PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA**”, redactado polo Arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias, que ascende a un total presuposto base de licitación de 154.061,95 € (Ive engadido).

SEGUNDO.- Solicitar da Excm. Deputación Provincial a preceptiva autorización, para destinar o crédito aplicación orzamentaria 2020/942.9425.762.45.2019 (79.628,10 €), para o incremento do investimento das obras de “**PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA**”.

TERCEIRO.- Solicitar unha subvención por importe de 79.628,10 €, con cargo ao Plan Concellos 2018-2019 (Anualidade 2019), para levar a cabo o investimento denominado “**PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA**”...”

Resultando que, no *expediente de subvención 1110/2018* consta a Acta de replanteo, de data 16/09/2020, asinada polo Arquitecto Municipal, D. Antonio Espinosa Murias e polo Concelleiro delegado de Obras Públicas, D. Samuel Lago Ozón.

Resultando que, no *expediente de subvención 1110/2018*, consta o Decreto da Alcaldía nº 2020-1190, de data 07/10/2020, no que se acordou o seguinte: “...Dáse conta da notificación do acordo



adoptado pola Xunta de Goberno Local da Excm. Deputación Provincial, en sesión do 02/10/2020, polo que acordan modificar o adoptado na Xunta de Goberno de data 01/02/2019, polo que se concedía a este Concello de Cambados, no marco do Plan Concellos 2018-2019 (anualidade 2019) unha subvención co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO NA RÚA SEVILLA”, por cambio de proxecto e con incremento de obra. O novo proxecto que se redacta para acometer novas actuacións non contempladas no proxecto inicial, supón un incremento no custe do investimento en 79.628,10 €, que pasa a importar un total de 154.061,95 €, no lugar do 74.433,85, establecidos inicialmente.

Autorizar a este Concello de Cambados a aplicar o crédito dispoñible na aplicación 2020/942.9425.762.45.2019 que importa 79.628,10 €, por mor da desistencia á actuación “URBANIZACIÓN E ROTONDA EN VIAL TRAGOVE CORVILLÓN”, no incremento do custe do proxecto “PAVIMENTACIÓN BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO NA RÚA SEVILLA”; cuxo orzamento ascende a 154.061,95 €.

Investimento	74.433,85 € Subvención xa concedida por X.G. 01/02/2019.	Fondos Municipais
154.061,95	79.628,10 €	0,00

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía polo artigo 21.1 s), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local **RESOLVER:** 1º.- A Xunta de Goberno Local, dándose por enterada, acorda aceptar-la subvención concedida...”

Visto que, o prezo estimado do contrato (127.323,93 €) é inferior a 2.000.000,00 €, de conformidade co previsto no artigo 159.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá adjudicarse por procedemento aberto simplificado.

Prezo estimado do contrato	127.323,93
----------------------------	------------

Visto que, no **expediente de contratación 4497/2020**, consta a Memoria xustificativa do órgano de contratación da necesidade do contrato, asinada en data 28/10/2020.

Visto que consta no expediente a certificación da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria **2021.1532.61909** e de retención (**2021/EP/000610**), de datas 03/02/2021.

Visto o informe xurídico da Secretaría relativo á lexislación aplicable e o procedemento a seguir, emitido en data 03/02/2021.

Visto o informe de fiscalización de conformidade da Intervención Municipal, emitido en data 04/02/2021.

Visto que, no Proxecto das obras, aprobado por Decreto da Alcaldía 2020-1102, de data 15/09/2020, no apartado “Presuposto parcial nº 3. Firmes e pavimentos”, detectouse un erro involuntario na descrición dos materiais a empregar “Pavimento de lousas de granito gris alba seleccionado de 60x40 cm e **6 mm de grosor**” cando debería dicir “**6 cm de grosor**”, de conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedeuse á súa subsanación, que deberá ser sometido a aprobación do órgano de contratación.

Visto o artigo 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que establece que completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación e na que se procederá á aprobación do gasto.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público,

RESOLVO:



PRIMEIRO.- Prestar conformidade á corrección efectuada no apartado de Medicións e Presupuesto do Proxecto das obras de **“PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA”**, no sentido indicado na parte expositiva da presente Resolución, e que definitivamente queda redactado do xeito seguinte: *“Pavimento de losas de granito gris alba seleccionado de 60x40 cm e 6 cm de grosor”*.

SEGUNDO.- Aproba-lo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación das obras de **“PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA”** e que forma parte do expediente de contratación nº 4497/2020.

TERCEIRO.- Aprobar o *expediente de contratación nº 4497/2020*, tramitado para a adjudicación por **procedemento aberto** das obras de **“PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTO DA RÚA SEVILLA”**, incluídas no Plan Concellos 2018-2019 (anualidade 2019) e que ascende a:

Presuposto de execución material		106.994,90
13% Gastos xerais.	13.909,34	
6% Beneficio Industrial.	6.419,69	20.329,03
Orzamento estimado		127.323,93
21% IVE		26.738,02
Orzamento base de licitación.		154.061,95

CUARTO.- Autoriza-lo gasto pola contía máxima que se indica seguidamente:

Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención de crédito Nº operación	Importe
2021.1532.61909	2020/0018	2021/EP/000610	154.061,95

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación e anunciar a licitación no perfil do contratante do Concello, aloxado na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia (<https://www.contratosdegalicia.gal>) e insertar a documentación correspondente na ferramenta SILEX da Consellería de Facenda (https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/), aos efectos de que as empresas se poidan presentar as súas ofertas electronicamente.

SEXTO.- A presente Resolución xunto coa Memoria xustificativa do órgano de contratación serán publicadas no Perfil do contratante, en cumprimento do establecido no artigo 117 e 63 da LCSP.

SÉTIMO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación Municipal, na primeira sesión que celebre.

En Cambados. Asinado electronicamente

